

Ola a todas e todos!


A semana pasada vos propuxen crear un instrumento musical con diferente material de refugallo. Que tal vos quedou? Que tal soa? Probastes a facer algún instrumento máis? Inventastes vós algún máis?

A partires desta semana, podédesme escribir ao correo electrónico [olallaperez@cpiares.com](mailto:olallaperez@cpiares.com) para me enviar fotografías das vosas creacións (o instrumento e os ritmos que fagades) poñendo o voso "nome, apelidos e curso", ou para escribirme as dúbidas que teñades.

Para esta semana propoño vos algunhas actividades rítmicas. Non é necesario que as fagades todas, e as que fagades, poden ser aos poucos.

Moitos ánimos e que a música vos acompañe!

- **REPASO:** Ler os apuntamentos de repaso das figuras rítmicas, na seguinte páxina. *Exercicio optativo para mellorar a caligrafía: "Copia 5 veces cada figura, fixándote en que a caligrafía sexa limpa e correcta".*
- **A CREAR!** Inventar un ritmo de 8 pulsos para tocar coas palmas ou co voso instrumento de refugallo. Por exemplo:



1 2 3 4 5 6 7 8

| | | | | | | |

Ritmo creado

nº de pulso

pulso

- inventade primeiro sen anotar nada, simplemente improvisando.
- cando vexades que tedes un ritmo que vos gusta, anotádeo!! Facede como no exemplo anterior.
- **DADO RÍTMICO:** Colorea cada cadro moi suave dunha cor diferente. Recorta e monta o dado. Despois, a tocar! Se non tedes impresora, podedes facelo vos copiándoo nun folio en branco, de reciclaxe ou cartóns. O importante non é o bonito que quede, o importante é usalo!


---

As actividades que vos propoño a continuación requiren dunha conexión a internet, polo que son optativas.

- **A XOGAR!** Completar o encrucillado do seguinte enlace:  
[https://es.educaplay.com/recursos-educativos/5270949-figuras\\_ritmicas.html](https://es.educaplay.com/recursos-educativos/5270949-figuras_ritmicas.html)
- **A ESCOITAR!** No seguinte enlace tedes que adiviñar que ritmo soa. Abride ben a orella!  
<https://aprendomusica.com/const2/04dictadoRitmico/04dictadoritmico.html>

## Repasamos as partes da figura

1. Corchete
2. Plica
3. Cabeza



## Repasamos figuras rítmicas e os seus silencios

Redonda		4 tempos	
Branca		2 tempos	
Negra		1 tempo	Ou Z
1 corchea		1/2 tempo	
2 corcheas		1 tempo	

Fixádevos en como se debuxa cada figura.

*Que partes ten a redonda?*

Soamente a cabeza, sen colorear.

*E a branca?*

Cabeza sen colorear mais plica.

*A negra?*

Cabeza coloreada e plica.

*E a corchea?*

Igual ca negra, pero lle engadimos o corchete.

**CURIOSIDADE:** Fixádevos que nós coñecemos as dúas corcheas xuntas, así:



Esas son 2 corcheas, non 1. A barra que as une chámase tamén corchete. Pensade que é coma se se colleran da man cos corchetes :)

Podería escribirse tamén así: ,



pero é máis rápido facelo do xeito anterior.

